

NOTA DE PRENSA DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA

A APDR APOIA Á CONVOCATORIA DO FORO SOCIAL DE CANGAS PARA UNHA CONCENTRACIÓN O SÁBADO 17 DE FEBREIRO ÁS 6 DA TARDE DIANTE DO CONCELLO DE CANGAS

A Asociación pola defensa da Ría quere chamar aos cidadáns da bisbarra a concentrarse diante do Concello de Cangas respondendo á convocatoria realizada polo Foro Social de Cangas para expresar o rexeitamento a un urbanismo tremendamente destrutor que se atreve a saltarse as leis e presiona á xustiza, ás forzas do orde e aos medios de comunicación para conseguir os seus obxectivos.

O Foro Social de Cangas nace para defender o litoral de do Concello de Cangas da que pode ser unha das agresións urbanísticas máis salvaxes das que se están a producir no litoral do noso entorno. Unha empresa construtora pretende construír nos terreos da antiga factoría de Massó unha macroubanización e, por medio de importantes recheos que se ten comprobado que danarán seriamente os bancos marisqueiros da zoa, un porto deportivo. Dende a súa formación, o Foro, ven de tentar de evitar o que sen dúbida sería un grave atentado ambiental, que afectaría aos sistemas naturais da zona e aos recursos pesqueiros e marisqueiros e que so proporcionará beneficio aos construtores, unha actuación cuia planificación e tramitación amosa máis que dúbidas sobre a súa legalidade. Sen embargo na actualidade son os veciños que se mobilizaron pacificamente intentando paralizar as obras os que están sendo encausados de delitos de coacción.

Agora o Foro Social de Cangas, e con el a Asociación pola defensa da Ría, chamamos a concentrarse para expresar o rexeitamento a unha actuación xudicial de dúas velocidades: rápida contra os veciños e veciñas de Cangas acusados de delito de coaccións por paralizar as obras do porto deportivo, incluíndo a ameaza dunha actuación policial contundente, e lenta para todos os expedientes xudiciais e administrativos abertos contra os promotores do porto e a Autoridade Portuaria de Vigo, tendo como exemplos o prolongamento no tempo de mais de un ano da petición de paralización cautelar, a ralentización do expediente aberto pola Fiscalía de Medio Ambiente por indicios de delito contra a ordenación do territorio, falsidade documental e prevaricación (entre outros), ou a falla de resposta de Costas á petición de apertura de expediente de deslinde que clarifique o rexistro como propiedade privada dunha finca de dominio público marítimo terrestre.

Na APDR pensamos que é importante defender o noso litoral das agresións que, moitas veces dende a absoluta ilegalidade, se están perpetrando e xa que logo chamamos aos cidadáns a concentrarse o próximo sábado día 17 ás 18:00 horas diante do Concello de Cangas.

Pontevedra, 15de febreiro de 2007